



# Mapa Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

## Información xeral

### Accesos:

Só se pode acceder ao Parque dende o mar, por medio de servizos de transporte marítimo de pasaxeiros ou mediante embarcación privada. Varias náveas ofrecéñoles aos visitantes, sempre que a climatoloxía o permita, servizos regulares ou mediante grupos concertados.

Para obter información sobre as empresas de transporte ás illas, época de servizo, horarios e reservas poden consultar nas oficinas de turismo da Xunta de Galicia, dos concellos limítrofes ou a través de Internet.

### Puntos de información

Existen casetas de información nas illas Cíes e Ons, situadas nas proximidades dos lugares de desembarco de pasaxeiros, abertas na época de transporte regular ás illas. Tamén hai outros puntos de información que contan cunha exposición interpretativa tanto en Cíes como en Ons.

### Centro de Visitantes do Parque Nacional

Está situado no casco vello de Vigo, preto da Estación Marítima. A entrada é libre, gratuita e atópase aberto todo o ano. É aconsellable visitalo antes de acceder ao Parque, xa que permitirá obter información precisa e actualizada sobre o espazo protexido, os servizos dispoñibles en cada época do ano o as recomendacións para a súa visita.

### Percorridos

O Parque conta con guías-intérpretes especializados para realizar rutas guiadas a pé. Este servizo regúlase mediante solicitude fóra do período estival (Semana Santa, fins de semana de maio e do 1 de xuño ao 30 de setembro). O formulario e condicións de solicitude atópase a disposición na nosa páxina web (apartado Solicitudes-Permisos). Durante a época estival é preciso informarse dos itinerarios guiados do día e anotarse nas casetas de información das illas para poder participar (só en Cíes e Ons).


As rutas sinaladas nos mapas permiten realizar itinerarios autoguiados en cada un dos arquipélagos do Parque.

### Outros servizos

Existe un camping nas Illas Cíes e outro na illa de Ons, abertos durante o período de servizo de transporte regular (consultar páxina web do parque). Nos dous casos existe límite de ocupación diario.

### Recomendacións:

- Leve unha bolsa para o seu lixo, que deberá depositar fora do parque poisa na illa non hai papeleiras.
- Circule só polos camiños destinados ao uso público.
- Non se achege demasiado aos cantís, é perigoso.
- Non se esqueza de dispoñer de suficiente auga e de crema solar.
- Leve calzado deportivo e roupa cómoda, sen esquecer algo de abrigo para a vixeira en barco.
- Atenda ás indicacións de guías, xixiantes e gardas



**Normativa**

**Mergullo:** é preciso dispoñer de autorización, sempre que se empreguen chumbos, para o que se debe cubrir un formulario (a disposición na nosa páxina web).

**Navegación e fondeo:** Requerese autorización escrita para navegar e fondear nas augas do Parque Nacional. O formulario e os requisitos para obter o permiso de navegación están dispoñibles na páxina web do Parque ou poden tramitarse directamente nas oficinas centrais. Os permisos de fondeo obtense a través do programa xestor de fondeos accesible na páxina web do Parque, para tramitalo é requisito previo o permiso de navegación.

**Pesca deportiva e submarina:** Está prohibida dentro dos límites do Parque Nacional.

## Ademáis non está permitido:

- |  |  |  |  |
|--|--|--|--|
| Acampar, agás nas zonas permitidas   | Circular fóra das zonas permitidas                       | Prender lume                             | Introducir animais agás cans de cego                             |
| Deixar ou depositar residuos. Lembrar que debe retornar o seu lixo ao porto de orixe poís nas illas non hai papeleiras | A navegación e o fondeo de embarcacións sen autorización | Arrancar plantas ou molestar aos animais | Facer ruidos que poidan alterar a tranquilidade natural do lugar |



## Ficha técnica

**Ilas Atlánticas de Galicia**  
**Figura de protección:** Parque Nacional  
**Comunidad Autónoma:** Galicia  
**Provincias:** Pontevedra e A Coruña  
**Superficie:** 8.480 Ha (7.285,2 mariñas y 119,8 terrestres)  
**Latitude:** 42° 23' 1'' N (Faro de Ons)  
**Longitude:** 9° 56' 6'' W (Faro de Ons)  
**Data de creación:** 1 de xullo de 2002  
**Declaración lei 15/2002**

## Direccións

**PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE DAS ILHAS ATLÁNTICAS DE GALICIA**

**Oficinas centrais:**  
 Edificio Cambón, Rúa Oliva, 3. 36202 Vigo  
 atlanticas@xunta.es

Tlf: 866 21 80 90 Fax: 866 21 80 94

**Centro de Visitantes:**  
 Edificio Cambón, Rúa Palma, 4. 36202 Vigo  
 Tlf: 866 21 80 82  
[www.magrama.gob.es/es/red-parques-nacionales/default.aspx](http://www.magrama.gob.es/es/red-parques-nacionales/default.aspx)  
[www.parquenacionalilasatlanticas.com](http://www.parquenacionalilasatlanticas.com)  
[www.facebook.com/ParqueNacionalIslaSAtlanticasDeGalicia](http://www.facebook.com/ParqueNacionalIslaSAtlanticasDeGalicia)

## Recoñecementos

**Zona de especial protección para as aves (ZEPA)**  
 Islas Cíes (1988)  
 Isla de Ons (2001)

**Zonas de Especial Conservación (ZEC)**  
**Zonas de Especial Protección de los Valores Naturais (Decreto 72/2004, de 2 de abril)**

**Zona OSPAR (2008)**

**Edita:** Organismo Autónomo Parques Nacionales  
**Fotografías:**  
 Fototeca CNEAM - Archivo Parque Nacional.  
 Fauna foto 2: F. Rey da Luz / Fauna foto 3: Emilio Solla /  
 Fauna fotos 6, 9 y 10: Roberto Castiñeira.  
 Fauna fotos 8, 11 - Portada / Fauna fotos 9, 10, 11:  
 JL González / CEMEA-MAGRAMA /  
 Flora foto 8: ZOE/CENEA-MAGRAMA

**Diseño y Maquetación:** breu comunicación  
**Depósito legal:** M-34677-2016 · NIPO: 293-16-028-0

# Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

## Un parque nacional dominado por rocha e océano

Cumios antano unidos ás serras litorais e agora illados pola inundación da costa, compoñen unha cadea de illas que protexen as rías.

O seu relevo caracterízase pola presenza de dúas vertentes diferenciadas. A occidental, confrontada ao mar aberto, é máis abrupta, con fortes pendentes que forman cantís. A oriental, que mira ás rías, ten un perfil máis suave, o que permite a formación de areas e dunas.

Os fortes ventos, cheos de salitre, o escaso desenvolvemento dos solos e a carencia relativa de precipitacións determinan as condicións naturais destas illas.

A proximidade ao continente, a singularidade do relevo, e o mar como permanente fondo escénico configuran paisaxes únicas.

- O arquipélago de Cíes comeza ao sur coa illa de San Martiño, e continúa coas illas Monte Faro e Monte Agudo, unidas pola barreira areosa que forma o areal de Rodas.

- O arquipélago de Ons, conta coa maior das illas do parque, a illa de Ons, e ao seu carón a pequena Onza, ambas con perfil en meseta.

- Este arquipélago de Sálvora, coa illa maior que recibe o mesmo nome, é unha illa de baixas altitudes, cunha paisaxe de rochas graníticas redondeadas polo vento. Sitúanse xunto a ela illotes areosos como Vionta e outros rochosos coma Noro.

- O arquipélago de Cortegada, formado pola illa maior Cortegada e as illas Malveiras e illotes como Bríñas; son prácticamente chairas. O ambiente máis benigno do estreiro favorece o medre dos bosques nestas illas.

## Principais ecosistemas

**Ecosistemas litorais:** praias e sistemas dunares. Cantís.

**Ecosistemas submarinos:** fondos rochosos, bancos de area, fondos de Maërl, fondos de cascallo e bosques de algas.

**Matogueiras** costeiras atlánticas e submediterráneas.

## Os fondos mariños agochan os tesouros destas illas

A extraordinaria riqueza mariña das illas explícase polo ascenso das augas profundas ricas en nutrientes, que serven de sustento a pequenos microorganismos, base da cadea alimentaria. A circulación das correntes mariñas e estuarinas, a variedade de substratos e relevo dos fondos dotan ao medio mariño de distintos escenarios ecolóxicos que determinan a gran diversidade de flora e fauna mariña. Este é o gran tesouro escondido do Parque.

## O home e a súa influencia no Parque e o seu contorno

### Aspectos culturais

Dende a Idade do Bronce ata ben entrado o século XX, a presenza intermitente de habitantes estivo condicionada polos recursos do medio e as visitas de invasores ou inimigos. Castros prerromanos, poboados romanos, mosteiros e sartegos da Idade Media, ermida, fortificacións, restos arqueolóxicos e construcións más modernas testemuña a presenza de asentamentos humanos nestas illas. Obrigados a depender do medio para sobrevivir mediante a pesca, a agricultura e a gandería, e sometidos a incursións de piratas e corsarios, estes poboadores tiveron que abandonar as illas moitas veces ao longo da historia. Na metade do século XX, as duras condicións de vida (comparadas coas do continente) causaron o seu despoboamento progresivo. O illamento ao que se vián sometidos durante longas tempadas, deu lugar a unha cultura rica en supersticións e crencias populares, que ademais acumulou coñecementos sobre o medio natural, as plantas medicinais ou o mar. Sobre todo na illa de Ons que conta cos derradeiros habitantes do Parque. Nas últimas décadas, o auge turístico das Cíes e de Ons xerou unha presenza humana marcadamente estacional que hoxe en día está en vías de regulación.



## Pesca e xestión sostible

As poboacións próximas ás illas levan séculos pescando nas súas augas especies como a nécora, a navalla, a robaliza ou o polbo. Esta actividade extractiva que emprega técnicas artesanas, si se regula adequadamente, é compatibel coa conservación dos fondos mariños do Parque e polo tanto cunha xestión sostible destes.



## A flora

A luz e as ondas condicionan a distribución da flora mariña, ademais da profundidade e as características do substrato. Na cara oeste das illas abundan as grandes algas pardas como os golfos (Laminaria e Saccharina) que forman auténticos bosques submarinos. Tamén descanan os fondos de maërl, que están formados pola agregación de miles de algas coralíferas de pequeno tamaño e de varias especies.


A flora terrestre debe protexerse da aridez, o sal e o vento. Os distintos ecosistemas do Parque albergan unha variada vexetación. Os **areas e dunas**, medios de grande aridez, obrigan ás plantas a presentar adaptacións especiais: cores claras que reflectan a luz, raíces moi profundas, bulbos de reserva de auga, etc. Son plantas de distribución moi restrinxida e de protección obrigada. O feo de praia, a cebola das gaivotas, o alef das praias, son especies representativas destes medios. Mais escasas, pero de grande importancia, son a camariña e a *Armeria pubigera*. Os **cantís**, zonas de escaso substrato confrontadas a fortes ventos cargados de salitre, soamente permiten a supervivencia de plantas moi adaptadas, coma o piñeiro de mar, a herba de namorar ou a macela mariña. Destaca *Angelica pachycarpa* como planta exclusiva do noroeste peninsular, asociada aos cantís frecuentados por colonias de gaivotas. As **matogueiras**, dominadas polo toxo, teñen un carácter submediterráneo con especies coma o trobisco e a capraza moura. Como especie propia destas matogueiras destaca *Cytisus insularis*, unha xesta atopada por agora únicamente no Parque. As **manchas arbóreas** son principalmente produto da repoboación, con especies coma eucaliptos, piñeiros e acacias, quedando núcleos illados de especies autóctonas coma o cerquiño ou o abrunheiro. En Cortegada atopamos tamén espectaculares bosques de loureiro con exemplares que acadan os 12 metros de altura.



- ① Bosque de loureiro · *Laurus nobilis*
- ② Herba de namorar · *Armeria pubigera*
- ③ Xesta de Ons · *Cytisus insularis*
- ④ Hinojo marino · *Crithmum marinum*

- ⑤ Anxólica · *Angelica pachycarpa*
- ⑥ Linaria arenaria · *Linaria arenaria*
- ⑦ Feo de praia · *Ammophila arenaria*
- ⑧ Algas verdes · *Codium sp.* y *Ulva sp.*

- ⑨ Alga coralina · *Corallina sp.*
- ⑩ Fondos de Maërl · *Phymatolithon spp.* y *Lithothamnion coralloides*
- ⑪ Bosques de algas pardas · *Saccorhiza y Laminaria sp.*



## A fauna

O medio mariño é o mellor representado no Parque; a súa gran variedade de ambientes proporciona unha elevada diversidade faunística. Nas **zonas rochosas** máis batidas polo mar habitan organismos que desenvolvieron mecanismos para fixarse nas rochas: percebes, lapas, mexillón, arneiróns, etc. Dende a fraxa mareal, e a medida que aumenta a profundidade, aparecen refluxadas entre as fendas anémonas, ourizos, caramuxos, cangrexos, lorchos ou polbos.

Os **fondos de area**, ao carecer de substrato fixo, condicinan a algúns organismos a vivir soterrados. Este é o caso das navallas, berberechos ou ameixas, mentres que outros se mimetizan coa superficie como o rodaballo, o choco ou o cangrexo ermitán.

Outros **fondos móbiles** son os formados por algas calcarias (chamados de maërl), e os fondos de cascallo formados por restos de cunchas, onde atopamos comunidades semellantes ás dos fondos de area. A abundancia de organismos mariños sustenta poboacións nidificantes de aves mariñas como as de gaivota patiamarela ou as de corvo mariño cristado, e en menor medida, a de gaivota escura, paíño europeo e a pardela cincuenta. Tamén aproveitan estes recursos aves invernantes ou en paso migratorio como o corvo mariño grande, o mascato, a pardela balear, o aro romeiro e o carrán cristado.

En **zonas de menor influencia mariña**, aparecen aves como o falcón peregrino, a píntega dentro dos anfibios, o escáber de cinco dedos nos réptiles, ou a escasa bolboreta *Zerynthia rumina* no grupo dos insectos.

Os mamíferos son escasos no Parque, ainda que son abundantes os coellos que praticamente non teñen depredadores. Nos últimos anos reapareceu a lontra.



1 Gaviota patiamarela · *Larus michahellis*



2 Lagarto arnal · *Timon lepidus*



3 Píllaras das dunas · *Charadrius alexandrinus*



4 Corvo mariño cristado · *Phalacrocorax aristotelis*



5 Nécora · *Necora puber*



6 Choco · *Sepia officinalis*



7 Ourizos, apegóns, etc. (zona intermareal)



8 Percebes · *Pollicipes pollicipes*



9 Alga coralina · *Corallina sp.*



10 Fondos de Maërl · *Phymatolithon spp.* y *Lithothamnion coralloides*



11 Estrelas de mar, esponjas e gorgonias



12 Dornas (fondo mariño)



13 Ourizos mariños



14 Cangrexos mariños



15 Lorchos mariños



16 Ribeira mariña



17 Ourizos mariños



18 Cangrexos mariños



19 Lorchos mariños



20 Ribeira mariña



21 Ourizos mariños



22 Cangrexos mariños



23 Lorchos mariños



24 Ribeira mariña



25 Ourizos mariños



26 Cangrexos mariños



27 Lorchos mariños



28 Ribeira mariña



29 Ourizos mariños



30 Cangrexos mariños



31 Lorchos mariños



32 Ribeira mariña



33 Ourizos mariños



34 Cangrexos mariños



35 Lorchos mariños



36 Ribeira mariña



## Ámbito territorial:

As illas Atlánticas son catro arquipélagos vincellados ás Rías Baixas, fronte ás costas de Pontevedra e a Coruña.

O Parque Nacional está composto polos arquipélagos das Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada e tamén das augas dos seus arredores, que constitúen o 96% da superficie total.

As Cíes sitúanse fronte á ría de Vigo; Ons está na entrada da ría de Pontevedra; Sálvora, na boca da ría de Arousa, e Cortegada está protexida no interior da mesma ría. Pertenecen aos municipios de Vigo, Bueu, Ribeira e Vilagarcía respectivamente.

O clima é menos rigoroso do que cab